

## Recordos dende lonxe

O borchorno fluía pola avenida como un torrente agobiante e os raios do sol caían con máis peso que nunca nas rúas da Habana. A calor envolvíao todo, faciannos pesados, lentos, torpes. E mentres as nosas mentes se nubaban con cada tortuosa respiración, os nenos do barrio sacábanlle proveito á situación mergullándose nas frescas e pracenteiras augas da fonte. As perfectas deusas de ébano camiñaban polo medio da rúa, avanzando como inalcanzables sereas de terra, e arrastrando coas súas longas e douradas pernas paixóns inconfesables.

E eu mentres tanto, non era máis que un simple espectador daquela variopinta paisaxe, sentado no interior dun bar buscando respostas no fondo do meu vaso baleiro. Había no teito un ventilador pendurado, que daba voltas, e voltas, e voltas. Quedei entón pasmado, aturdido, e entrei nun remuíño de ideas, de odio, de pena... unha volta, dúas voltas – Por que me tiven que ir?- unha volta e outra volta – Por que a tiven que deixar así?- e máis voltas e voltas. E xusto nese momento, un home maior vestido cun custoso traxe de liño entrou no bar e sacoume do meu angustioso transo. Era, sen lugar a dúbidas, un deses homes que viñeran buscando fortuna, saíndo dun país atrasado e pobre, buscando desesperadamente un lugar no mundo no que poder sobrevivir. Ese home chegou dunha terra pobre, si, pero tamén dunha terra oprimida, que non podía respirar; dunha terra loitadora por natureza, que se resignara pola forza a vivir unha vida de pobres traballando coma animais. O home, ben mantido, de ollos claros e cunha barba xa branca polas canas, sentou na barra do bar e cunha profunda e sonora voz de ultratumba, falou nunha lingua fresca, amable, pero rotunda e chea de lembranzas ao mesmo tempo:

- Un daikiri de mazá- pronunciou con voz rouca o vello. Mirou cara á mesa na que eu estaba sentado eu, e logo, como se ao verme se acordara de algo comezou a falar- Este tempo quítalle a un as ganas de se levantar cada ardente mañá, máis ben teño ganas de meterme baixo terra, que alí non vai nin frío nin calor.

O home, que en ningún momento pronunciou unha palabra castelá, quitou un pano do peto e secou as gotas de suor que lle esvaraban lentamente pola caluga.

- Mais eu non quero morrer neste inferno- proseguiu o ancián. Ao outro lado do océano, máis lonxe do que a miña alma e a miña mente poden soportar, alí onde as mouras namoran aos nenos ilusos nas enfeitizadas augas puras das fervenzas; e onde poboados de pedra coroan os outeiros e acantilados á beira do feroz mar, e son testemuñas fidedignas do noso esquecido pasado... Alí é a onde eu pertenzo, e alí é onde desexa podreecer este feble corazón.

Cando acabou de falar o bar quedara mudo, e mesmo o estalo das cadeiras nos semellaba un descomunal estrondo. Só o novidoso invento da televisión tiña o valor de marmurar naquel solemne momento. Entón, como se a ladaíña do vello fose unha invocación, comezou a chover e a tronar, e un aire frío

percorreume o Corpo. As paredes volvéronse de pedra, a barra mudou en lareira e a burda televisión desapareceu na escuridade. Mirei para fóra, e xa non había coches, nin deusas de ébano. Fóra había campos e altas árbores escuras, e alá abaixo, o arroio. Estaba na casa.

\*\*\*\*\*

O día que Roi marchou da casa súa nai perdeu un recuncho da súa ánima, e a súa vida comezou a esvaecerse aos poucos. En cambio, seu pai nin se despediu del, aínda que se arrepentise cada angustioso segundo da súa baleira vida, que non tardaría moito en rematar. O pobre rapaz marchou só coa esperanza de volver. Pero por que marchou o mozo dos cabelos louros, preguntaredesvos ...Esa é aínda unha cuestión sen esclarecer, mais para facerlle xustiza á miña sona de meiga con lingua de serpe, eivos de contar o que sei...

Os de Xenxo foran sempre unha familia moi correcta e boa, e aínda que non tiñan moito, compartían o pouco que conseguían con xente máis necesitada ca eles. A familia conformábase Martiño e Branca e seu fillo, Roi, que nacera ao remate da guerra. Serviran dende sempre a unha familia de señoritos que vivían nun monumental pazo alá preto da Coruña. Aquela foi unha familia de moitos cartos, iso sí, pero tamén sumamente desgraciada, xa que tras o parto da segunda filla do matrimonio, a nai enfermou gravemente e pouco despois morreu, o que fixo que o pai, importante terratenente da zona, se obsesionara con manter a unidade da familia, impedíndolles aos seus fillos crecer coma nenos, xogar e aprender da vida no mundo real. Illounos.

Nunha caixa de cristal, a través da que podían ver como o resto do mundo crecía e maduraba co paso dos días e dos anos, pero eles vivían estancados no seu escuro pasado, encerrados na súa bóla de cristal. O primoxénito, Henrique, pronto adoptou as posturas e ideas do pai, illándose nos libros e nas enormes e silenciosas habitacións do pazo. E con esta absurda maneira de vivir contrastaba a do mozo Roi, que medrou como o edelweiss nas frías e arduas montañas do Alpes, e como unha xerra de auga fría no deserto, dáballes a aquel lúgubre palacete a cándida felicidade dun neno. Pero o implacable son do campanario da vila marcando o comezo dun novo día, marcando o paso do tempo, fixo que esa sombra escura de amargura se extendera ata o máis remoto e agochado lugar daquel sombrío pazo e os nenos, tanto os fillos do terratenente como Roi, creceron e pronto se converteron no que daquela xa se consideraba persoas maiores. Mais na realidade eran demasiado novos para ser adultos, demasiado vellos para ser nenos. E entre dous mundos estaban aqueles tres rapaces, que non tiñan máis compañía que a dos seus propios pensamentos, nin máis compañeiros que os espreitantes xoguetes dos andeis do cuarto. Pero chegou un momento nesa infernal confusión, no que algo dentro da cabeza de Roi estoupou, e fixo que espertase dese sono de cloroformo no que o forzaran a vivir, e deuse conta de que o ceo era azul, e as flores vermellas, e a vida demasiado curta para non gozala. Así que, recobrando a forza que o impulsara a ser feliz cando era neno, decidiu saír á

vila, coñecer xente, ir ás romarías en verán, sentir a calor do sol na cara, ... E así, co repinicar das campás que anunciaban, día tras día, o paso do tempo, Roi decidui vivir alleo a aquel cemiterio que era o pazo. Non obstante, ocorreu algo que cambiou o transcurso das súas absurdas vidas, e todo comezou unha mañá de verán no pazo, ben cedo. Non había ninguén en pé, ou polo menos iso creu Roi, que paseaba por el cun libro de arte na man. Camiñaba descalzo e descamisado, seguro de que a esas horas, nin os malos espiritos que gardaban a casa estaban espertos. Mais o mozo equivocábase, e cando entrou na enorme biblioteca os seus ollos toparon con outros que os miranban, outros ollos verdes, ollos claros e puros. As meigas, escondidas tras os libros, ríanse daqueles dous pobres ilusos, que sen querer acaban de atopar o amor. Ela, moura de terra, e el, lobishome de lúa nova. Alleos a esta terrible condición, míranse os dous con infinita curiosidade, como se non levaran unha vida enteira vivindo xuntos, como se nunca se atopasen polos corredores,... como se fose a primeira vez que se vían. Entón, sen romper a maxia do silencio sepulcral que os envolvía, ela invitouno a sentarse ao seu lado, e el sen deixar de mirar aqueles enmeigados faros, séntase ao seu carón, moi pretiño dela, e dáse conta de que a filla do terratenente non era como el a imaxinaba, non era un cadáver froito da tiranía do home, senón que era a Muller máis fermosa que na vida vira, máis que ningunha Muller descrita nos poemas nin nos libros. E comezaron a falar, así de repente, coma se de sempre o fixeran a esas horas na inmensa biblioteca. Alba se chamaba a rapaza que capturou o corazón do mozo, e era, en verdade, moi fermosa. De pelo tan negro e escuro como o dun puma salvaxe, tiña os ollos claros como un amencer, como a auga que corre limpa nos arroyos, pero un temperamento de mar embravecido. Sen dúbida aquela era a musa, a ninfa que Roi estivera buscando nos contos. De súpeto, rompendo a delicada atmosfera na que eles levitaban, o tremendo reloxo do comedor soou na casa como un enorme xigante bostezando, e o que lles advertía a ambos que as 9 da mañá chegaran; hora de espertar do soño. Mais antes de irse, Roi pediulle a Alba unha cousa: era día 23 de xuño, e pola noite, San Xoán, así que lle pediu que se atopara con el na praia da vila. O proxecto parecía imposible, porque ela non podería escapar da xugo co que o terratenente dominaba a todo o pazo.

Durante a mañá, ela miraba dende as súas ventás como Roi traballaba no xardín, e pensou que nunca estivera tan segura de querer algo. E durante a tarde Roi miraba dende a súa ventá como Alba lía no xardín, e pensou que valía a pena arriscalo todo. E pronto chegaron as badaladas dende o campanario da igrexa, eran as doce. Alba abriu moi amodiño a porta e axexou para saber se había alguén esperando na porta da súa habitación. Saíu do cuarto cos zapatos na man, camiñando polos recunchos escuros do pazo sen atreverse nin a respirar. Mais cando chegou á porta que daba á parte de atrás do palacete, unha voz áspera chamou por ela; era seu irmán.

- Que estás a facer?
- Oh, Henrique, por favor- susurroulle ela desesperada, sabedora de que se seu pai se decatara sería o fin de todo.- Déixame ir, enténdeo,...

Seu irmán mirouna con cara de non comprender nada do que estaba ocorrendo, pero pensou que quizais era hora de romper a bóla de cristal na que viviran toda a súa vida.

- Vamos, a onde queira que vaias, non pensarás ir a pé, non? Rápido, ao garaxe.

A rapaza creu estar vivindo un soño cando se encontrou a si mesma no coche de camiño á praia naquela máxica noite. Chegaron a un tramo no que a terra se convertía en area, e seu irmán parou o coche. Ela deulle un bico na meixela con infinito cariño, e baixou do coche correndo, camiño do seu destino. As lapas das fogueiras víanse altas, deusas que bailaban ao ritmo das risas e das conversas, e Alba, emocionada, non podía deixar de correr. Chegou á praia, os pés afundíanselle na area, e o son do feroz mar recordoulle o lugar onde vivía, o lugar ao que pertencía, e iso era marabilloso. Alzou a vista e viu que un ollos negros a miraban dende a ribeira da praia, e atrevesou a marea de xente que alí había ata chegar á beira. A figura de Roi estaba iluminada polas chamas das fogueiras, e a Alba pareceulle un dos anxos que decoraban o retablo da igrexa. Estaba ao seu carón, e as ondas do mar bicábanlle os pes. Colléronse da man, e mergulláronse na marea de músicos, labregos, mariñeiros...A noite pasaba lenta e máxica, e mentres algún poeta de voz forte recitaba algúns versos de fadas e ninfas, Alba non podía deixar de marabillarse ante o mundo que se lle estaba a descubrir da man de Roi. Mais, sen eles sabelo, as sereas de pelo roxo que se escondían tras as abruptas rochas do océano, burlábanse deses dous inxenuos rapaces. Nun momento da noite, Alba pousou a cabeza no ombreiro de Roi, e o tempo detívose, xa non había xente, nin recordos da vida que sen sabelo, viviran xuntos. Pero cun sonoro estoupido, as agullas do reloxo volveron a correr, mais rápido que nunca, e os corazóns de todos os alí presentes estouparon nos seus peitos, medoñentos de que as forzas da lei soberan da súa clandestina festa. Pero eses tiros non tiñan a súa causa na festa do pobo, senón na traizón, e na furia. O terratenente, que escoitara o son do coche chegar e o da bóla de cristal na que retiña aos seus fillos ao romperse. Obcecado pola cólera, colleu un dos seus rifles de caza, e saíu na busca da súa filla e do malnacido que a levara. E así chegou ata a praia, onde se atopou fronte a fronte con Roi, e este, valente ou inocente, avanzou uns pasos cara a el, para tratar de explicarllo, pero o señor fixo caso omiso das súplicas da súa filla e apertou o gatillo, mais foi a sorte de que o vello xa tiña pouca puntería e non lle deu ao mozo. Deste xeito, Roi comezou a correr, todo pola praia, mentres unha chuva de tiros o perseguía. As feridas nos seus pes descalzos xa sangraban polo roxe da area cando se adentrou no mesto bosque. E seguiu correndo, sen respirar nin pensar que, poucos metros máis adiante había un abrupto acantilado, onde o mar rompía con toda a súa forza, e como leóns engaiolados, as ondas ruxían dende o mesmo corazón de Neptuno. A noite volveuse escura e as estrelas e a lúa escondéronse para non ser testemuñas do que ía acontecer. Roi chegou á beira do acantilado e por unha milésima de segundo, deuse de conta de onde estaba e deixou de correr. Era o fin, de alí non había ninguén que o puidera sacar, non podía dar volta atrás; estaba acurralado. Os pesados pasos do terratenente escoitábanse cada vez máis próximos, o son desbocado do seu corazón pedindo vinganza retumbaba naquela punta do barranco, pero entón o mozo mirou cara abaixo, cara ao mar, e pensou que aínda quedaba algo de esperanza no seu aterrorizado corazón, pechando os ollos avanzou un paso longo, puxo as mans no peito, e ... saltou! O corazón volveulle á boca cando se deu de conta de que non daba chegado o momento de caer na auga. E de repente, choca contra o

duro mar, rompendo a súa pel de dragón, e afóndese no máis fondo abismo; intenta saír cara á superficie, intenta mover os brazos e desatarse desa forza que o arrastra, pero é imposible, a súa mente vaise nubrando e o seu corpo fatígame cada vez máis e máis. A forza das ondas arrástrao cara ao fondo, golpéao, empúxao violentamente contra as rochas, e finalmente decide resignarse a que esa noite a pálida dama o leve cara ao seu seo. Mais nun último momento, unha forza o leva cara a superficie, e consegue respirar, abrindo moito a boca, os pulmóns, e pechando moito os ollos. A forza non só o elevou da superficie, senón que o quitou do embravecido mar. Unha vez fora del, Roi xa podía respirar, e abriu os ollos moi amodiño. Primeiro entendeu que estaba nunha gamela, aínda enriba dese infernal mar; logo que a forza que o collera non fora outra que un dos seus amigos da vila, que estaba agora, tumbado e extasiado, intentando quitarse as cordas coas que se amarrara; e por último, deuse de conta de que se atopaba no colo dunha Muller e que uns ollos verdes cheos de bágoas o miraban. Alba choraba mentres abrazaba ao aturdido Roi. Pronto chegaron á beira dun pequeno areal, onde, entre a rapaza e o seu amigo, baixaron apuradamente ao confuso mozo. Lévarono ata unha casiña escondida nas rochas, e alí esperaron un día, ata que Roi se recuperase. Alba quedou en todo momento ao seu lado, pendente de cada respiración e de cada latexo do seu feble corazón. E ao segundo día, Alba contoulle a Roi o que tiña pensado facer; ela comprara uns billetes dun barco para A Habana, que saía ao día seguinte dende a Coruña. Esa era a única maneira de seguir vivos e xuntos, xa que o terratenente removería ceo e terra ata atopalos. Así que cos corpos destrozados polo cansanzo, pero co ánimo intacto polo cariño que se tiñan, chegaron ata a Coruña sen, aparentemente ningún tipo de problema. Pero aínda que debía alegrarse por estar xuntos e vivos, as súas caras estaban contorsionadas pola dor de deixar todo aquilo que lles era querido: o pazo, os amigos no caso de Roi, os xardíns da vila, a choiva no inverno, as mazás da casa,... a súa terra, o que a onde eles pertencían, o seu fogar que lles dera a vida e que os gardara no seu seo. E ían camiño do posto de embarque con estas caras, cando se deron conta de que algo ía mal. Mentres estaban na fila, os gardas mirábanos, e falaban sinalándoo. Definitivamente, algo non ía ben, así que cando chegaron ao posto colléronse das mans para que ninguén os puidese separar, e aínda que fose un acto inútil, conseguiron a forza para darlle aos gardas a documentación. Estes mirárona moi detidamente, e logo deixárono pasar, e coas bolsas de ambos, encamiñouse cara á pasarela con cara de tranquilidade. Pero cando se atopaba a moi pouquiños metros da porta, a moi pouquiños metros do seu soño, un alarido de rabia fixo que Roi se virara a tempo para ver como os gardas do posto de control levaban a Alba e outros se acercaban a el coas armas en alto. Estaba atónito, en cuestión de segundos, o que parecía paz converteuse en caos. A el obrigárono a meterse no barco, e xusto antes de que pecharan a enorme comporta, Roi conseguiu escoitar como Alba berraba o seu Nome dende o coche no que a levarían camiño da casa de seu pai. Durante os días seguintes, e por orde do terratenente, o mozo foi golpeado, electrocutado, e mesmo o intentaron afogar. Cando o buque chegou á Habana, deixárono tirado e medio morto nunha ruela do peor barrio da cidade. Mais alí unha benévola anciá o recolleu e o coidou na súa casa ata que este se repuxo. Entón Roi recuperou a capacidade de pensar claramente e a de sentir. E sentiuse lonxe da súa terra, lonxe da súa nai e de seu pai, lonxe de Alba e

lonxe do xardín, ... sentiuse lonxe de si mesmo. Por que todo saíra tan mal? Por que non estaba na praia con Alba? .... e por que non a tiña no seu ombreiro?

A inxustiza do desterro forzado fixo que cada miserable día da existencia de Roi se fixera insoportable, pensando en todas e cada unha das cousas que deixara atrás, e non só en Alba, en seus pais ou en seus amigos, senón na terra na que a lingua é identidade, e na que as ferverzas gardan os segredos máis escuros de homes que se namoran de inalcanzables mouras. El viña da terra onde o feroz mar non ten compaixón, e onde a noite de san Xoán cambialle a vida a quen cre Nela. “E agora que me queda” pensaba cando miraba a través da ventá como a vida seguía para o resto do mundo, mentres el, na súa traxedia persoal, choraba á súa Berenguela. E así pasaron os días, e ás veces saía do seu confinamento voluntario e daba longos paseos, imaxinando que os grandes edificios eran árbores, e que o que el pisaba era a fina area da súa praia, ou que os bicos que daba a impresionantes mulleres sen Nome proviñan dos beizos de Alba. Pero todo iso non era máis que pura fantasía imaxinada na súa esgotada e caótica mente. As agullas do seu reloxo caían cada vez con máis peso, e a súa desgastada mente, quizais pola idade, quizais para acabar co sufrimento que lle supoñían os seus recordos, íase esquecendo de todo o que deixara atrás, cousa a cousa, momento a momento foi deixando todo atrás. O tempo foi deixando a súa impasible marca en Roi, e con cada día, con cada son do campanario dende a vila en Galiza, a memoria de Alba foise apagando, esquecéndose de que ela o esperaba dende a súa prisión. E xa de vello, permaneceu pechado na casa, a soas, sen pensar en nada, porque non tiña nada en que pensar. Un mañá ben cedo chegou o carteiro á casa de Roi, e traía unha carta dende o outro lado do mar, dunha señora chamada Alba, e a mente de Roi recordou por un momento uns fermosísimos ollos verdes, e unha noite na praia... e por un momento recodouna a ela sentada na biblioteca, pero só por un momento, e a ansiada carta foi esquecida nun recuncho da cociña, de lado dos ovos e os legumes. E un día como outro calquera que el estaba sentado na cadeira da mesa na súa minúscula cociña, un día como outro, a feroz alma de Roi esvaeceuse por completo, en paz, tranquilo, e sen recordar nin por un momento todas as nefastas circunstancias que o levaran a aquela penosa situación.

Días despois atoparon o seu corpo, e tal e como esixía no seu testamento foi levado ata aquela pequena vila mariñeira. No seu enterro non había máis que un home, un destes señoritos vido a menos, Henrique chamábase. Roi foi soterrado ao carón de Alba, no cemiterio fronte á praia, alí onde ambos foron verdadeiramente felices.

Lingua de serpe.